ENTROIDO EN GALIZA

Equipo de Dinamización Lingüística

O pasado Entroido realizouse no noso Centro unha exposición de caroutas e pantallas de Galicia.

Desde os equipo de Dinamización Lingüística e da Biblioteca fíxose un percorrido polo Entroido na nosa terra. A través de distintos carteis describimos as características dos personaxes e as máscaras, relacionándoos cos lugares correspondentes.

Foron mencionados os "boteiros" de Vilariño de Conso, cuxa decoración está feita con motivos vexetais en formas xeométricas, os "cigarróns" de Verín e as "pantallas"· de Xinzo, que levan a cara cuberta cunha máscara personalizada típica da zona. Os "peliqueiros" de Laza destacan polo nariz moi pronunciado e a barba, mentres que os "xenerais" da Ulla levan un engalanado sombreiro, rematado con enormes plumas de pavo real. Foron nomeados algúns máis, e cada clase, baseándonse en toda esta información, e con moita imaxinación, realizou unha ou máis caroutas.

Na entrada do centro e no patio cuberto presentamos unha exposición con todas esas caroutas e pantallas feitas polo alumnado do centro, participando nenos/nenas desde Educación Infantil ata 6º de Primaria.

Desde os Equipos de Dinamización Lingüística e da Biblioteca queremos agradecer a todo o profesorado e ao alumnado a súa participación nesta exposición.

O MECO-GRECO

Co gallo da conmemoración do 400 aniversario da morte do Greco, quixémoslle rendir unha pequena homenaxe a este grande artista, convertendo un cadro deste pintor no "Meco" do noso Entroido. Ao longo desa semana o Meco-Greco ditaba as correspondentes ordes de Entroido para que cada día o alumnado trouxera a prenda de roupa que se ia anunciando.

Tamén se lle propuxo o alumnado facer un autorretrato ao "estilo Greco", polo que a cara do noso Meco foi cambiando ao longo do Entroido.

MAYSO

Telf. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

e-mail: maysolibreria@mundo-r.com
www.maysopapeleria.com.es

MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA
XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS